

Desexámosvos...

un bo
LIBRO
e
unhas lectoras
vacacións.



NADAL 2011

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



NADAL 2011

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s pensades
escribir ...



... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión, porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:

3º CICLO PRIMARIA:

• **Robinson contado polas alimarias-Marilar Aleixandre-OUP:** Á illa á que chega Robinson non é deserta, está habitada por unha chea de animais que pronto comprenden que é un inútil incapaz de sobrevivir sen a súa axuda. E non se privan de contalo.



• **Do A ao Z con Manuel María-X.L.García-Everest:** Seguindo o abecedario, repaso pola escrita e pola vida deste poeta da Terra Cha.




• **A caza do ghazafello -vv.aa.-Xerais:** Vas ter que poñer en forma á túa imaxinación. Non apto para lacazáns ou lacazanas. Música, imaxes e...atopa aos ghazafellos con Lois!!!

• **Mundo Arb-M. Lourenzo-Xerme:** @s arborenses viven nas árbores e coidan que é o úneco mundo que existe, pero unha viaxe cambiará a súa percepción dese mundo.



• **O mundo máxico de Tolkien-Baía:Forof@ da fantasía? Namorad@ de Tolkien?** Non te perdas este libro, un paseo polos seus universos.



• **Gatos e leóns-X.A.Neira-OUP:** Gatos? Leóns? Transitan por Venecia cheos de misterio e todos teñen algún segredo, algunha historia que contar.

• **A expedición dos libros-V. Muñoz-OUP:** Os libros dunha biblioteca familiar preparan unha expedición para rescatar o 1º tomo das obras de Verne cando é roubado por uns cacos.



• **Besos que fueron y no fueron-D.Aceituno e Roger Olmos-Lumen:** Fermo-so álbum ilustrado onde aprendelo todo sobre bicos, transformacións, sapos, príncipes, princesas, piratas, se-reas...

